



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE XULLO 2007



1.- Resumo

Temperaturas máximas por debaixo da media con chuvias cuantiosas en toda Galicia

O mes de xullo estivo caracterizado en xeral pola inestabilidade e a chegada de continuos centros de baixas presións. A explicación deste fenómeno ven dada pola presenza de aire frío en altura sobre o Atlántico norte, que estivo bloqueado pola presenza de altas presións en Europa oriental ata a derradeira semana do mes, na que o tempo se normalizou sobre Galicia. Así, os primeiros días comezaron baixo a influencia dunha destas pequenas borrascas, o que deixou un principio do mes con ceos anubrados, chuvias e temperaturas baixas. Dentro da chegada de centros de baixas presións destacan claramente pola cantidade de chuva o que chegou durante a tarde do 15 e a xornada do 16 e o que nos afectou durante a tarde do 22 e no día 23. No medio destes períodos inestables, dominados polas baixas presións houbo visitas anticiclónicas, sempre co anticiclón debilitado pola presenza de aire frío en altura, pero que conseguiron deixar algunha xornada de tempo seco e soleado. Destaca principalmente o período entre o 12 e o 14 de xullo. A partir da xornada do día 24 o aire frío en altura comezou a retirarse, as altas presións movéronse cara ó norte e isto deixou unha derradeira semana do mes con tempo seco, soleado e altas temperaturas, que na xornada do 30 de xullo superaron os 30°C en toda Galicia agás na costa de Lugo. A situación descrita anteriormente reflíctese perfectamente nos mapas de anomalías de presión en superficie e altura, onde pódese apreciar ás baixas presións relativas na zona do Atlántico norte.

Chuvia: Toda Galicia queda englobada nas categorías de mes húmido ou moi húmido. Compre destacar as chuvias que se produciron nas xornadas do 15 e o 22 de xullo cando se rexistraron chuvias xeneralizadas e de intensidade entre moderada e forte en moitos puntos de Galicia. Tamén é interesante engadir que o número de días deuvia é superior á media, rexistrándose 10 días deuvia nas Rías Altas (estación de Ferrol) e 8 nas Rías Baixas (estación de Lourizán).

Temperatura: As temperaturas estiveron en xeral por debaixo da media, notándose este efecto principalmente nas máximas por mor da cantidade de días deuvia e de ceos anubrados que tiveron lugar. De tódolos xeitos estas anomalías quedan algo diminuídas polas altas temperaturas que se rexistraron nos últimos días do mes. Como datos pódese salientar que en Ourense capital as máximas quedaron por debaixo dos 25°C 15 días do mes, cando a media nun mes normal sitúase nos 30°C. En Santiago de Compostela rexístranse 10 días con 20°C ou menos, cando a media situaríase nos 25°C.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003 agás Santiago (1983-2003) .

O valor climático corresponde ó promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

CIS FERROL

	XULLO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.6	18.7	20.2 (1999)	17.2 (1977)
Tª mínima media	15.4	15.6	17.0 (1999)	14.0 (1978)
Tª mínima absoluta	12.1 (día 21)	10.2 (08/07/1978)		
Tª máxima media	22.2	21.8	24.1 (1976)	19.8 (1977)
Tª máxima absoluta	30.0 (día 30)	33.6 (19/07/1989)		
Precipitación acumulada	73	13-32	99 (1977)	2 (1986)

Comentario:

*Temperaturas moi semellantes aos valores climáticos agardados.
 A precipitación é moi superior ao rango de valores normais. O mes pode considerarse “moi húmido”*



SANTIAGO

	XULLO 2007	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.2	19.6	21.9 (1989)	18.3 (1988)
Tª mínima media	13.5	14.4	15.7 (1989)	13.2 (1988)
Tª mínima absoluta	9.4 (día 20)	7.0 (11/7/2002)		
Tª máxima media	22.6	24.9	28.5 (1990)	22.0 (1983)
Tª máxima absoluta	34.0 (día 30)	40.3 (20/7/1990)		
Precipitación acumulada	54	22-43	150 (2001)	2 (1986)

Comentario:

Temperaturas moi inferiores ao agardado, así o mes pode considerarse moi frío, é destacable que estamos comparando neste caso cunha serie que comeza no ano 1983, así en Santiago Labacolla en 1977 a Tª media para este mes é de 15.7 °C.

En canto á precipitación, o mes pódese considerar “húmido”

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

LUGO

	XULLO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	17.5	19.0	21.8 (1999)	16.1 (1980)
Tª mínima media	11.6	13.1	15.9 (1999)	9.1 (1980)
Tª mínima absoluta	7.3 (día 22)	4.0 (17/07/1980)		
Tª máxima media	24.2	24.9	28.1 (1976)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	31.6 (día 31)	39.0 (20/07/1990)		
Precipitación acumulada	39	14-25	105 (1977)	0 (1986)

Comentario:

Temperaturas moi inferiores ao agardado, especialmente no caso das mínimas e da media, un grao e medio por debaixo do valor climático. Polo tanto, o mes pode considerarse moi frío.

En canto a precipitación, o mes pódese considerar “moi húmido”



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XULLO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.4	19.9	21.5 (1990)	18.1 (1977)
Tª mínima media	14.4	14.3	16.2 (1989)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	10.4 (día 20)	7.6 (03/07/1997)		
Tª máxima media	25.0	25.5	28.1 (1989)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	35.0 (día 29)	36.4 (22/07/1990)		
Precipitación acumulada	60	19-42	114 (2001)	0.5 (1981)

Comentario:

Os valores de temperatura están moi preto dos valores climáticos, aínda que lixeramente por debaixo no caso das temperaturas máximas e medias, polo que este mes é normal en canto a temperatura.

En canto a precipitación, o mes pódese considerar “húmido”

OURENSE

	XULLO 2007	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.4	22.1	25.0 (1989)	19.0 (1977)
Tª mínima media	13.9	14.6	16.8 (1989)	11.8 (1974)
Tª mínima absoluta	9.3 (día 20)	6.4 (08/07/1996)		
Tª máxima media	26.9	29.7	33.8 (1989)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	35.6 (día 30)	42.6 (20/07/1990)		
Precipitación acumulada	29	8-19	54 (1977)	0 (1974)

Comentario:

Mes moi frío, onde destacan as baixas temperaturas medias e especialmente as máximas, 2.8 °C por debaixo do agardado.


En canto á precipitación, o mes pode considerarse “húmido”



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


**Anomalías de presión en superficie.
Mes Xullo 2007**






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial en 500 hPa. Mes de Xullo 2007.





3.3.- Temperatura media das máximas




T_{máx} – 07/2007

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas




T_{mín} -- 07/2007

www.meteogalicia.es



3.5.- Choiva acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 07/2007

www.meteogalicia.es